



A hora clave de Hu Jintao

Description



Para modificar o rumbo e asegurar a autonomía do proceso, Hu Jintao impulsou igualmente profundos cambios internos. Non foron na liña de separar estado-partido nin de fortalecer o estado de dereito, tal e como se reclama insistentemente desde Occidente, senón promovendo intensas campañas de reeducación ideolóxica onde a combinación de ensinanzas confucianas e a reivindicación do marxismo semellan camiñar da man sen as rivalidades que antano establecera Mao. (Foto: Hu Jintao baila a danza popular do "Yangge" en Shanxi, nunha imaxe da exposición "The road of revival" en Beijing, en outubro de 2007).

Nos últimos anos, Hu Jintao imprimiulle trazos particulares á reforma chinesa. A aposta polo social, a volta ao campo, o impulso á innovación tecnolóxica, a formulación dunha nova relación cos investimentos exteriores, a reivindicación da importancia do ambiente, a construción dun mercado doméstico a partir da elevación dos ingresos das capas menos favorecidas, etc, conformaron un novo clima no proceso chinés que deixaba atrás a etapa máis liberal, sentando as bases dun novo modelo de desenvolvemento e dun axuste colectivo e ambiental que resultan imprescindibles para asegurar a sostibilidade e a estabilidade do cambio.

Para modificar o rumbo e asegurar a autonomía do proceso, Hu Jintao impulsou igualmente profundos cambios internos. Non foron na liña de separar estado-partido nin de fortalecer o estado de dereito, tal e como se reclama insistentemente desde Occidente, senón promovendo intensas campañas de reeducación ideolóxica onde a combinación de ensinanzas confucianas e a reivindicación do marxismo semellan camiñar da man sen as rivalidades que antano establecera Mao. Igualmente, o patriotismo e a exaltación das epopeas revolucionarias habían servir para infundir nas novas bases do PCCh o compromiso necesario para que a transformación dos últimos anos non se quedara nunha simple capacitación tecnocrática. Por último, a loita contra a corrupción e a aprobación de rigorosas normas de incompatibilidades deberían servir para restablecer a autoridade moral do PCCh, a nivel interno, territorial e social, moi minada polo desconcerto e a confusión e a emerxencia de novos e poderosos actores que fragmentan as lealdades partidarias.

Ese proxecto global de Hu Jintao, aínda sen perfilar de todo e con numerosas ambigüedades, presenta como dobre característica a fidelidade ao proxecto orixinal de Deng e a aposta irrenunciable pola soberanía nacional. Esa dobre insistencia implica, no seu parecer, a importancia de prestar moita atención á construción do Partido e mesmo ao fortalecemento da democracia interna, sen que estea moi claro o significado de ambas cousas, e, en especial, o segundo, cando a pesar da cosmética oficial, as posibilidades de participación son bastante limitadas na China de hoxe. Todo pode quedar reducido a unha mera cuestión de presenza ocupante e control social.

Guerras intestinas aparte, ese novo discurso de Hu Jintao, cun certo abeiramento á esquerda que coexiste coa defensa da triple representatividade de Jiang Zemin, será a retórica do XVII Congreso, dándose por seguro que será asumido polos delegados. Falta que o conxunto do PCCh sintonice con el a pesar das profundas transformacións experimentadas na súa composición interna: soamente o 10% da súa militancia son obreiros fronte a case un 30% de burócratas, por exemplo.

Segundo anunciou o Renmin Ribao, dos case 2,5 millóns de novos membros que anualmente ingresaron no PCCh dende 2002, a metade son profesionais en activo e o 72% teñen menos de 35 anos. Coñeceron a China de Hu, de Jiang e a de Deng, pero ninguén sabe que China será a súa. Esa incerteza agrávase polo incremento das presións externas respecto do rumbo do proceso de reforma que agora mesmo entra nunha etapa decisiva.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Outubro 18, 2007

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2007-10-18 00:00:00